

SEGUNDO DE GRAO PROFESIONAL

PARTE I

PROBA DE CANTO

O aspirante presentará un programa segundo o explícito nos Contidos para o primeiro Curso, e elaborará un repertorio mínimo de:

- 2 Arias antigas
- 1 Canción de concerto española

PARTE II

1.- PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos catro cursos de Grao Elemental e do primeiro curso de Grao Profesional.

CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico - melódico:** a dúas voces en compás regular dunha extensión de 8 a 16 compases, ata tres alteracións na armadura, podendo aparecer algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea, grupos de valoración especial regulares e irregulares. Para a realización do ditado, daráselles aos examinandos, o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e a velocidade do pulso (nesta orde).
- **Repentización rítmica:** en claves de Sol e Fa en 4^a en compás regulares e irregulares con aplicación das equivalencias.

- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía, ata 5 alteracións.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima de unha hora e media.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.

2.- PROBA DE IDIOMAS APLICADOS Ó CANTO (ITALIANO)

O aspirante realizará tres probas acordes ao explicitado nos contidos de cada curso.

- 1.- lectura dun texto a elección do tribunal, de dificultade acorde ó curso que se solicita.
- 2.- Traducción libre dun texto a elección do tribunal, de dificultade acorde ó curso que solicita, coa axuda dun diccionario (que terá que ser aportado polo aspirante).
- 3.- exercicios de gramática de dificultade acorde ó curso que solicita.

Contidos mínimos gramaticais:

Italiano:

- o xenero e o número(formación do plural)
- pronomes persoais
- artigos
- artigos contractos
- presente de indicativo
- verbos irregulares essere e avere

-Para a realización da 1ª prova disporá de 5 a 10 minutos (segundo a extensión e dificultade a criterio do tribunal) antes de leer o texto.

Para a realización das probas 2ª e 3ª disporá dun máximo 30 minutos para cada unha.

3.- PROBA DE CORO

1.- Interpretar a só a parte correspondente de dúas obras do listado que se indica a continuación. Esta listaxe é orientativa e poderá presentarse un repertorio de similar dificultade. Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, según o criterio do profesorado.

O alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2.- Ler a primeira vista un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior ó que opta o alumno.

COMPOSITOR/A	OBRA E OBSERVACIÓNS
Br. Leontinus W.A.Mozart	Laudate dominun. . CANON Alleluia, exultate jubilate. CANON Surrexit. Christus hodie. CANON
M. Praetorius H. Beverle Estevan Salas J. Peri G. Faurè F. Meldelssohn Charles Gounod	Jubilate Deo. . CANON Kyrie Eleison. . CANON Un musiquito nuevo Nel Puro ardor (Euridice) Benedictus, ca. 1880 Auf Flügeln des Gesanges (Arr. a 4 v. mixtas). Messe brève in C (Kyrie, Gloria, Santus, Agnus Dei) Habenera (Don Gil de Alcalá). Xota dos ratas (A Gran Vía) Chotis do Eliseo (A Gran Vía) Mazurca das sombrillas (Luisa Fernanda). Meus Amores (Arr. a 4v. mixtas) Quen fora como o xazmín Ave María Guaraní (A Misión)
M. Penella F. Chueca y J. Valverde F. Chueca y J. Valverde F. Moreno Torroba S. Golpe C. Gustavino E. Morricone	

